

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 31 DE XULLO DE 2023

1. **ASISTENCIA AO PLENO.** Referencia: **2023/00033212G.**

Aprobación de actas de sesións anteriores. |

Apróbase a acta.

2. **XESTIÓN URBANÍSTICA.** Referencia: **2022/00041641L.**

Aprobación definitiva de cambio de sistema e dos Estatutos e bases de actuación da Xunta de Compensación da AEI-A do PERI-2. Conxo de Arriba. |

Acórdase:

Primeiro. Aprobar definitivamente o sistema de compensación para o desenvolvemento da área de execución integral AEI-A do Plan especial de reforma interior de Conxo de Arriba (PERI-2).

Segundo. Aprobar definitivamente os Estatutos e bases de actuación da Xunta de Compensación da AEI-A do PERI-2, promovidos por ESTUDIO 5 DE GESTIÓN Y PROYECTOS S.A., sen modificacións respecto dos inicialmente aprobados o 6 de febreiro de 2023.

Terceiro. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o inicio do procedemento de equidistribución de beneficios e cargas da AEI-A do PERI-2, cos efectos regulados nos artigos 267 e 268 do Regulamento da lei do solo de Galicia.

Cuarto. Requirir a ESTUDIO 5 que solicite do Rexistro da Propiedade certificación de dominio e cargas de todas as parcelas afectadas, coa anotación expresiva do inicio da equidistribución (artigo 268 do RLSG)

3. **PATRIMONIO.** Referencia: **2023/00005222Y.**

Ampliación do prazo da reserva da parcela resto da matriz nova reserva EU-7 do Polígono 2 do Plan Parcial do SUP-5. |

Acórdase:

- Ampliar o prazo da reserva da parcela resto da matriz nova reserva EU-7 do Polígono 2 do Plan Parcial do SUP-5 durante seis meses para a construción dun aparcadoiro público que minore os problemas de accesibilidade e saturación do tráfico patentes no contorno do Chus aos efectos de que concrete as condicións do aparcadoiro público.

- Comunicar ao Sergas que para a tramitación polo Concello da correspondente figura patrimonial durante este prazo de reserva deberá presentar memoria xustificativa dos fins de utilidade pública e interese social aos que pretende dedicar o ben, das características do proxecto, así como acreditar suficiencia de recursos. De non facelo a reserva quedará automaticamente sen efecto podendo dispoñer o Concello para os fins que estime convenientes.

4. **CENTROS CÍVICOS.** Referencia: **2023/00033059N.**

Aprobación dos prezos públicos e dos reducidos nas actividades estables e regulares da rede de centros socioculturais para o curso 2023/24, e tomar coñecemento da programación nos distintos centros. |

Acórdase:

Primeiro. Aprobación da aplicación dos prezos públicos establecidos na XGL do 13 de abril de 2018 aplicables desde o mes seguinte á aprobación deste acordo pola XGL.

Segundo. Aprobación da aplicación dos prezos reducidos establecidos na XGL do 13 de abril de 2018 por razóns de índole social, cultural e de interese público nas actividades que incentivan a participación da veciñanza dos barrios e das parroquias, desde o mes seguinte á aprobación deste acordo pola XGL.

Terceiro. Dar conta da programación xeral prevista nos CSC para o curso 2023/24, cuxo prazo de apuntamento e preinscrición comeza o día 6 de setembro.

A taboa dos prezos públicos e dos reducidos aprobada é a que segue:

PREZOS PÚBLICOS	
ADULTOS/MOZOS	
Duración	Euros/trimestre
45 minutos	25,00 €
1 hora	30,00 €
1, 5 horas	40,00 €
2 horas	55,00 €
NENOS/SÉNIOR	
Duración	Euros/trimestre
45 minutos	20,00 €
1 hora	25,00 €
1, 5 horas	35,00 €
2 horas	45,00 €

PREZOS REDUCIDOS POR RAZÓN DE ÍNDOLE SOCIAL, CULTURAL E DE INTERESE PÚBLICO

ADULTOS/MOZOS/NENOS/SÉNIOR	
Duración	Euros/trimestre
45 minutos	10,00 €
1 hora	12,00 €
1, 5 horas	15,00 €
2 horas	20,00 €
CLUBS	
Duración (anual)	15,00 €

5. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2023/00030423K.

Apróbación do texto do convenio de colaboración para o ano 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Fundación Andrea de Apoyo a los Niños con Enfermedades de Larga Duración, Crónicas o Terminales. |

Acórdase: aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Fundación Andrea de Apoyo a los Niños con Enfermedades de Larga Duración, Crónicas o Terminales pola contía de 3.000,00 € e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800018, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022- (Orzamentos con vixencia prorrogada para o ano 2023)- - artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII-,e por Acordo do Pleno Municipal de 9 de Marzo de 2023 favorable a aprobación de subvencións nominativas do exercicio 2023

6. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2023/00024531V.

Dar conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación de Lucha contra las Enfermedades del Riñón de A Coruña (Alcer Coruña), de data 21/07/2023. |

Acórdase tomar coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación de Lucha contra las Enfermedades del Riñón de A Coruña (Alcer Coruña) de data 21/07/2023 para o financiamento do “Programa Alcer 7 vidas. Programa de sensibilización en materia de doazón de órganos” pola contía de CATRO MIL EUROS (4.000 €).

7. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. Referencia: Omisión función interventora de fotocopiadoras relación S/2023/195.

Omisión función interventora relación S/2023/195 de fotocopiadoras. |

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de DOUS MIL SEISCENTOS VINTEDOUS EUROS CON TRINTA E OITO CÉNTIMOS (2.622,38 €) que comeza pola factura número F/2023/2346 por importe de 4,55 euros, e remata pola número F/2023/2711 por importe de 104,76 euros, todas elas en concepto de mantemento e consumo copias das fotocopiadoras en varios departamentos municipais correspondentes a varios períodos entre os meses de abril de 2022 e maio de 2023.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

8. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: Relación contable S/2023/201 en concepto de gastos polo canon de conservación e mantemento do Cemiterio Municipal de Boisaca os meses de marzo e abril de 2023.

Convalidación omisión da función interventora e recoñecemento de débeda coa empresa “Funeraria Tanatorio Apóstol Santiago, S.L.”, en concepto de canon polo servizo de conservación e mantemento do Cemiterio Municipal de Boisaca nos meses de marzo e abril do ano 2023. |

Acórdase:

1. Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos derivados da realización do servizo de conservación e mantemento do Cemiterio Municipal de Boisaca correspondente aos meses de marzo e abril de 2023, por importe de 23.595,00 euros.

2. Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de vinte e tres mil cincocentos noventa e cinco euros (23.595,00) a favor de “Funeraria Tanatorio Apóstol Santiago, S.L.”, imputándose á aplicación orzamentaria 2022/020/16400/2270000 do orzamento vixente.

9. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00030943N.

Devolución da fianza constituída pola empresa, AQUAGEST, S.A.”, para responder do contrato de “Execución das obras de renovación da rede de abastecemento en beirarrúas en Pontepedriña (FIL 2009)”, Expte. 13/09. |

Acórdase autorizar a devolución da fianza constituída pola empresa, AQUAGEST, S.A.”, por importe de 22.824,35 euros, para responder do contrato de “Execución das obras de renovación da rede de abastecemento en beirarrúas en Pontepedriña (FIL 2009)”, Expte. 13/09.

10. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00013038R.

Adxudicación do contrato do *Servizo de “teatro de barrio” nos centros socioculturais do concello de Santiago de Compostela.* |

Acórdase:

Primeiro: adxudicarlle, por ser a súa a única oferta presentada e cumprir cos requisitos exixidos nos pregos, o contrato que ten por obxecto o Servizo de “teatro de barrio” nos centros socioculturais do concello de Santiago de Compostela a PRODUCIÓNS TEATRAIS TALÍA SL, que presenta unha proposición económica de 84.465,02 € (base imponible de 69.805,80 € máis IVE do 21% de 14.659,22 €).

Consonte ao establecido na cláusula 19 do PCAP désígnase como responsable do contrato a técnica de centros socioculturais, María del Carmen de la Cruz Pérez.

Segundo: comprometer un gasto por importe de 84.465,02 € con cargo á aplicación orzamentaria 050 33403 2269901, coa seguinte desagregación por anualidades: 14.077,50 € (2023) 42.232,51 € (2024) 28.155,01€ (2025).

O gasto de exercicios posteriores queda subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, ao abeiro do establecido no artigo 174 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de maio, e no artigo 79 e seguintes do Decreto 500/90.

Este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá ser obxecto do recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), previo á interposición do recurso Contencioso Administrativo, no prazo de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte a aquel no que se publique este anuncio na PLACSP.

Así mesmo, poderá interpor calquera outro recurso que considere oportuno.

11. CONTRATACIÓN. Referencia: **2023/00009738Z.**

[Aprobación do expediente de contratación da prestación dos servizos de voz e datos para o Concello de Santiago de Compostela.]

Acórdase:

Primeiro: aprobar o expediente denominado Prestación dos servizos de voz e datos para o Concello de Santiago de Compostela, cun orzamento base de licitación de 1.277.938,28 € (base imponible de 1.056.147,34 € máis IVE do 21% de 221.790,94 €).

Segundo: abrir o procedemento aberto de adxudicación.

Terceiro: autorizar un gasto total por importe de 1.277.938,26 € que se imputa á aplicación orzamentaria 2023 030 92001 2220000, coa seguinte desagregación por anualidades:

2024 - 319.484,57 €

2025 - 319.484,57 €

2026 - 319.484,57 €

2027 - 319.484,57 €

TOTAL 1.277.938,28 €

Este contrato tramítase como anticipado de gasto de aí que a súa execución quede sometida á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que o han de financiar ao abeiro do disposto na Disposición Adicional 3ª, apartado 2º da LCPS e no artigo 174 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais (aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo) e no artigo 79 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo I do título VI da lei 39/1988 de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais en materia de presupostos.

O gasto de exercicios futuros queda subordinado, tamén, ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, ao abeiro do establecido no artigo 174 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de maio, e no artigo 79 e seguintes do Decreto 500/90.

12. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: **2023/00032985F.**

[Tomar coñecemento da sentenza núm. 100/2023, recaída no Procedemento Abreviado 312/2021 CA1.]

DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN XUDICIAL Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Resolución: Sentenza 426/2023 do TSXG sección 4ª do 12.07.2023

Procedemento: AP 15003/2023 (PO 491/2019 CA1)

Apelante: Concello

Apelado: Inmobiliaria Paxonal S.L.

Obxecto: Contra sentenza nº 285/2022 do 30.06.2022 do Xulgado contencioso administrativo nº 1.

SENTIDO DA RESOLUCIÓN

A sentenza do TSXG é favorable aos intereses municipais, xa que estima o recurso e acepta o argumentado pola defensa do concello relativo á inexistencia dun vicio de nulidade radical pola falta de motivación do cambio ao método de estimación indirecta da base impoñible en vía de recurso. Asemade considera que a omisión do trámite de audiencia, tralo cambio do método de estimación non lle confire unha nulidade radical aos actos recorridos. En consecuencia revoca a sentenza de instancia co efecto de declarar a anulabilidade dos actos recorridos, no canto da nulidade absoluta declarada na sentenza de instancia.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitila ao Departamento de inspección tributaria.

13. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00036730F.

[Tomar coñecemento de sentenza recaída no procedemento AP 15003/2023.]

DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN XUDICIAL Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Resolución: Sentenza 100/2023, do 30.06.2023, do Xulgado do Contencioso administrativo nº 1 de Santiago de Compostela.

Procedemento: PA 312/2021

Obxecto: Resolución do Concelleiro-Delegado de Mobilidade e Seguridade Cidadán de data 7.02.2021, pola que se rexeita o recurso de reposición interposto pola demandante contra a resolución de data 11.02.2020, ditada no expediente 190029162, pola que se acorda impoñer unha sanción de 200 euros pola comisión dunha infracción grave consistente en non respectar a luz vermella dunha sinal semafórica.

SENTIDO DA RESOLUCIÓN

A sentenza é favorable ao Concello ao desestimar integramente o recurso contencioso-administrativo.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir ao Departamento de Mobilidade para o seu coñecemento e efectos oportunos.

URXENCIAS

15. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2023/00024611M.

[Tomar coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación de Padres de Personas con Discapacidade Intelectual (ASPAS), de data 21/07/2023, para o financiamento do “Programa de Respiro e/ou Emerxencia Familiar.]

Acórdase tomar coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación de Padres de Personas con Discapacidade Intelectual (ASPAS) de data 21/07/2023 para o financiamento do “Programa de Respiro e/ou Emerxencia Familiar” pola contía de SEIS MIL EUROS (6.000 €).

16. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2023/00024848N.

[Tomar coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Galega para axuda dos enfermos con demencia tipo Alzheimer (AGAEDA), con

de data 21/07/2023, para o financiamento do “Programa GEA-Grupo de Envellecemento Activo (Grupo 1)”.

Acórdase tomar coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Galega para axuda dos enfermos con demencia tipo Alzheimer (AGAEDA) de data 21/07/2023 para o financiamento do “Programa GEA-Grupo de Envellecemento Activo (Grupo 1)” pola contía de TRES MIL EUROS (3.000 €).

17. COMERCIO. Referencia: 2023/00004623M.

Tomar coñecemento da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a Fundación Santiago Centro Área Comercial para levar a cabo un programa de reactivación económica das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro, anualidade 2023.

Acórdase:

Primeiro: tomar razón da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a Fundación Santiago Centro Área Comercial para levar a cabo un programa de reactivación económica das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro durante a anualidade 2023, cunha achega de 32.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890005.

Segundo: comprometer o gasto, por importe de 32.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890005.

18. COMERCIO. Referencia: 2023/00004625F.

Tomar coñecemento da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a Asociación Punto Compostela Centro comercial aberto para levar a cabo un programa de reactivación económica das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro, anualidade 2023.

Acórdase:

Primeiro: tomar razón da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a Asociación Punto Compostela Centro comercial aberto para levar a cabo un programa de reactivación económica das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro durante a anualidade 2023, cunha achega de 32.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890003.

Segundo: comprometer o gasto, por importe de 32.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890003.

19. COMERCIO. Referencia: 2023/00004621A.

Tomar coñecemento da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a Asociación de empresarios e profesionais centro comercial aberto Compostela Monumental para levar a cabo un programa de reactivación económica das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro, anualidade 2023.

Acórdase:

Primeiro: tomar razón da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a Asociación de empresarios e profesionais centro comercial aberto Compostela Monumental para levar a cabo un programa de reactivación económica das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro durante a anualidade 2023, cunha achega de 35.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890001.

Segundo: Comprometer o gasto, por importe de 35.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890001.

20. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2022/00030750F.

Aprobación da xustificación da subvención nominativa á Asociación Cultural da Cidade Vella de Santiago, anualidade 2022.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Acórdase:

Primeiro. Aprobar a xustificación da subvención nominativa á Asociación Cultural da Cidade Vella de Santiago visto que se deu cumprimento co obxecto previsto no convenio e a súa correcta xustificación.

Segundo. Recoñecer a obriga por importe de 20.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 050 33400 4890006 do orzamento municipal

Terceiro. Dar traslado deste acordo ao departamento de Servizos Económicos para a tramitación do pagamento desta subvención nominativa con cargo á aplicación orzamentaria 050 33400 4890006 do orzamento municipal.